

Violencia contra la mujer en la pareja: Investigación comparada y situación en España

Juan J. Medina

Valencia: Tirant lo Blanch, 2002

A violencia doméstica constitúe un dos problemas máis urxentes da sociedade actual e afecta con similar intensidade a tódolos países, con independencia do seu grao de desenvolvemento.

Entre os grupos de vítimas que máis están representadas nas actuais enquisas de victimización e que foron obxecto de especiais estudos e investigacións atópanse as mulleres maltratadas no ámbito familiar pola súa parella ou cónxuxe. Probablemente, ningunha relación de convivencia humana é tan conflictiva e productora de violencia como a familia, e dentro dela a conxugal ou de parella. As diferencias de xénero e roles nunha función, polo demais tan indispensables para a supervivencia da especie, como é a reprodución, é xa de por si unha fonte de conflitos que se manifestan e se exteriorizan en moitos ámbitos.

Isto non é, sen embargo, un problema novo. Durante séculos a violencia doméstica exerceuse no seo da familia, sen que isto provocara ningún tipo de reacción estatal, por entenderse xeralmente que calquera problema que acontecera no ámbito doméstico debía gozar da privacidade propia do eido familiar.

Afortunadamente, aínda que moi lentamente, este panorama foi cambiando. Nestes momentos, a sociedade tomou conciencia da magnitude do problema e apréciase un imparable proceso de mentalización xeral acerca da importancia de defende-los dereitos fundamentais de tódalas persoas, con independencia do seu sexo, idade ou condición, e calquera que fose o ámbito no que se pretenda o exercicio daqueles.

A culminación con éxito deste proceso non será posible, sen embargo, só con respostas illadas. Polo contrario, é preciso levar a cabo unha acción coordinada, dende os diversos aspectos nos que incide esta problemática –que afecta principalmente, aínda que non en exclusiva, ás mulleres, pois con frecuencia tamén son vítimas destes delictos os fillos menores, que adoitan se-los membros máis indefensos da unidade familiar– pois só deste xeito se conseguirán eliminar definitivamente as distintas causas que contribúen ó nacemento da violencia doméstica.

Para tal fin resulta imprescindible atallar algúns males herdados durante xeracións (como a escasa consideración social da muller fronte ó varón, o deficiente recoñecemento da súa valía profesional, ou a retribución tradicionalmente discriminatoria padecida pola muller traballadora), así como supera-lo trasnoitado modelo de diferentes roles asignados durante décadas ó marido e á muller, e adoptar un completo elenco de medidas favorecedoras da axeitada integración na sociedade de vítimas e agresores.

Por isto, esta actuación global ha de estar encamiñada fundamentalmente cara á prevención, a ataca-la raíz do problema, co fin de evitar que adquiran carta de natureza as causas que logo xeran conductas violentas no seo familiar.

Agora ben, en tanto non se consiga eliminar completamente este tipo de actitudes, é necesario que o Estado estableza mecanismos axeitados para resolve-las consecuencias derivadas deste grave problema social que –segundo estimacións da Fiscalía Xeral do Estado– provocou que se dictaran máis de tres mil sentencias en procedementos penais durante o ano 2000, cifra que debe analizarse con cautela, tendo en conta que os expertos apuntan a que só entre un 5% e un 10% das agresións producidas no ámbito familiar son denunciadas.

En efecto, as cifras indicadas teñen tan só un valor relativo, pois a violencia doméstica é, pola súa propia natureza, un fenómeno de difícil cuantificación, dado que se trata dun fenómeno que adoita acontecer no ámbito físico do domicilio, no eido do núcleo familiar e, en moitas ocasións, no reducido círculo das relacións de parella.

Estas circunstancias, unidas á concepción arraigada en case tódalas sociedades durante séculos de tratarse dun «asunto privado» que só lles concernira ós integrantes do grupo familiar, ó temor e á dependencia económica, psicolóxica ou afectiva da vítima respecto do agresor, determinan que o número de denuncias estea moi lonxe da cifra de agresións realmente producidas, que só existan estimacións aproximativas acerca do verdadeiro alcance deste fenómeno e que se careza na actualidade dunha estatística que reflecta fielmente a magnitude real deste problema.

Para isto, non obstante e aínda coas prevencións expostas, basta efectuar unha análise rápida dos resultados dos estudos publicados ó respecto para poder albisca-la gravidade da situación.

Así a macroenquisa sobre a violencia contra as mulleres, referida na memoria de actuacións contra a violencia doméstica realizadas pola Administración

Xeral do Estado e as comunidades autónomas do ano 2001 destaca o dato de que o 4,2% das mulleres maiores de idade declararon ter sido vítimas de malos tratos durante o derradeiro ano (2000-2001) o que representa un total de 640.000 mulleres, aproximadamente.

Así mesmo, resulta significativo que o 12,4% das mulleres españolas maiores de idade foran consideradas vítimas dalgún tipo de maltrato doméstico, aínda que elas non se recoñeceran explicitamente como tales. Esta porcentaxe indica que 1.865.000 mulleres, aproximadamente, se atopan na dita situación, ó que hai que engadir que en máis do 70% dos casos, as mulleres que son vítimas de actos violentos veñen padecéndoos durante máis de cinco anos.

Este datos permiten afirmar, sen dúbida, que estamos ante un problema social de primeira magnitude, que esixe unha profunda investigación das súas causas xeradoras, das carencias do ordenamento xurídico para combatalo e da insuficiencia da resposta ofrecida polos operadores xurídicos.

Estamos polo tanto, ante un fenómeno social e xurídico de relevantes proporcións, que require un tratamento axeitado e específico para a súa solución, por iso me parece que este libro de don Juan J. Medina forma parte desa literatura socio-xurídica, por outra banda escasa, de apoio ás mulleres que sofren violencia no seo da parella, un libro orientado a educadores, psicólogos, avogados, xuíces, e estudiosos en xeral desta materia.

Entre os grupos de vítimas que máis están representadas nas actuais enquisas de victimización e que foron obxectos de especiais estudos e investigacións atópanse as mulleres maltratadas no ámbito familiar pola súa parella ou cónxuxe. Probablemente, ningunha relación de convivencia humana é tan conflictiva e productora de violencia como a familia, e dentro dela a conxugal ou de parella. As diferencias de xénero e roles nunha función, polo demais tan indispensable para a supervivencia da especie, como é a reprodución, son xa de por si unha fonte de conflitos que se manifestan e exteriorizan en moitos ámbitos.

A violencia contra a muller non é un fenómeno novo, aínda que foi hai pouco cando a sociedade e a Administración pública española en particular lle comezaron a prestar unha maior atención a este problema. O movemento das mulleres maltratadas está vinculado ó máis amplo movemento das vítimas, aínda que presenta unha conexión máis estreita co pensamento e acción feminista. A morte de Ana Orantes a finais do 1997 foi o desencadeante dun conxunto de reaccións por parte da sociedade e as autoridades españolas ó problema dos malos tratos. Aínda que ben intencionadas, na súa maior parte, estas reaccións non sempre estiveron informadas polo coñecemento científico que se acumulou durante as dúas últimas décadas, sobre o problema dos malos tratos no ámbito comparado. En parte isto débese á debilidade académica da criminoloxía no noso país, á relativa falta de interese por parte doutras ciencias sociais cunha maior presenza académica no noso país por este problema, á falta de relacións fructíferas de comunicación entre a universidade e a Administración e pola máis que centenaria falta de interese da Administración pública e a clase política española

neste tipo de información para guía-lo desenvolvemento de políticas e iniciativas públicas.

Posiblemente estas dúas ideas fan que de por si o libro feito por don Juan J. Medina teña unha importancia considerable non só para os criminólogos e sociólogos senón tamén para aquelas persoas que traten de afondar nos temas da mal chamada, dende o meu punto de vista, violencia de xénero. O dito libro consta de trece capítulos divididos da seguinte maneira:

- I. Introducción: o descubrimento dos malos tratos.
- II. O concepto dos malos tratos.
- III. Cifras sobre a violencia na parella.
- IV. Perspectivas teóricas e investigación sobre a violencia na parella.
- V. A violencia na parella como evento.
- VI. Criminoloxía evolutiva e violencia na parella.
- VII. Factores individuais de risco e grupos de especial risco.
- VIII. A ecoloxía e a xeografía social da violencia doméstica.
- IX. Características da familia e violencia doméstica.
- X. Consecuencias e custos da violencia doméstica.
- XI. O sistema de xustiza penal e a violencia doméstica I: a policía.
- XII. O sistema de xustiza penal e a violencia doméstica II.
- XIII. Atención ás vítimas: a resposta doutras institucións sociais.

Como xa podemos comprobar, un libro de tantos capítulos e tan só seiscentas trinta e unha páxina non pode tratar profundamente este tema dos malos tratos dunha maneira completa, posiblemente tampouco desexara iso o autor, aínda así entre as luces do texto gustárame destaca-las seguintes conclusións:

1ª. O problema dos malos tratos en realidade pode ser designado de moitas maneiras e a elección do nome para designar este problema constitúe un acto político, dadas as diferentes asuncións e implicacións ideolóxicas que cada designación supón. Os malos tratos, ademais, non son un problema tan sinxelo ou homoxéneo como se presentou no discurso público, senón que entraña diversas realidades que resultan máis ou menos difíciles de aceptar polo dito discurso. É imperativo que se recoñeza a heteroxeneidade e riqueza de situacións que se engloban, ou deixan de englobarse pero poderían selo, baixo a etiqueta dos malos tratos.

Os malos tratos, ademais, non poden entenderse como un fenómeno illado ou un problema absolutamente novo, senón que teñen que entenderse ou interpretarse no seu debido contexto como unha forma máis da violencia e o comportamento delictuoso en xeral. Un fenómeno que, ademais, se sitúa no contexto máis amplo das transformacións sociais e familiares deste final e comezo dun milenio.

2ª. As mulleres maltratadas requiren dunha ampla gama de solucións á súa disposición nun estado social, isto inclúe a existencia de medios que lle axuden a sobrevivir ou a reintegrarse socialmente cando se atopen no proceso de rompe-

la súa relación co agresor. As casas de acollida constitúen o modelo clásico de resposta social ás necesidades destas mulleres. Nembargantes, por valiosa que sexa a contribución que se realiza dende os refuxios, é importante considerar que as mulleres maltratadas requiren moito máis ca unha vivenda temporal. O establecemento de salarios sociais, os servicios de asesoría legal e psicolóxica, a formación laboral, o acceso prioritario a vivendas de financiamento público son algunhas das medidas que se suxiren como necesarias. Igualmente é importante que os asesores destas mulleres comprendan a relevancia de elaborar plans de seguridade con elas e coas axencias que lles prestan apoio a estas mulleres e que dende diversas plataformas integren a súa resposta e traballen verdadeiramente xuntas, máis alá do establecemento de esporádicas colaboracións, para tratar de previr este fenómeno.

Nun momento no que aumenta a desigualdade e se recortan programas sociais nas sociedades occidentais, e ante a retirada do Estado denunciada por Pierre Bourdieu, é fundamental que non nos deixemos seducir polo canto de sereas que dalgunha forma representan os discursos sobre o encarceramento dos maltratadores. Aínda que a criminalización da violencia doméstica é, e debe ser, imparable; non podemos esquecer que é fundamental a existencia dun marco asistencial adecuado que cubra as necesidades sociais das mulleres maltratadas.

Posiblemente por defecto profesional, penso que o libro de don Juan J. Medina quedou un pouco no aire nos temas da participación dos avogados neste problema dos malos tratos e a tipificación penal.

Con respecto ó primeiro, teño que apuntar que os avogados no seu labor profesional se atopan cunha serie de problemas para un bo asesoramento a estas mulleres, que son dende o meu punto de vista:

i) A formación dos avogados é deficiente nestes temas, eu son en «teoría» avogado especialista en violencia doméstica, formo parte da quenda especial de mulleres maltratadas do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, e o único requisito que tiven que cumprimentar foi o de facer un curso de vinte horas, o que está claro é que a formación dun avogado ten que ser autodidacta con tódolos inconvenientes que ten iso. Posiblemente hai que esixir unha maior rigorosidade á hora de seleccionalos candidatos-avogados para atender a estas persoas.

ii) Por último, con respecto á tipificación legal, gustárame apuntar, a modo ilustrativo, que a figura delictuosa contida no artigo 153 do Código penal se configura como un delicto especial na medida na que o tipo penal esixe que entre o suxeito activo e o pasivo existan, ou alomenos existiran, determinadas relacións. Na discusión relativa a se estamos en presenza dun delicto especial propio ou impropio e debemos decantarnos pola primeira das posibilidades.

O precepto esixe que a conducta se exerza, en primeiro lugar sobre *quen sexa ou fóra o seu cónxuxe*. Isto significa que é indiferente que o agresor e a vítima

estean aínda formalmente casados ou que entre eles medie xa un proceso de nulidade ou divorcio que vaia extinguir ou extinguiña xa a relación conxugal. Resulta así mesmo irrelevante que os conxuxes se atopen separados legalmente ou de feito, posto que aínda existe entre eles un vínculo matrimonial esixido polo tipo. En consecuencia, aínda que polo común concorra, tampouco será esencial a convivencia actual dos cónxuxes. En segundo lugar, o artigo 153 do Código penal actual estende a súa aplicación ós casos nos que a violencia se produce sobre a *persoa que estea ou teña estado ligada ó agresor de forma estable por análoga relación de afectividade*. Aquí, de modo similar ó suposto anterior, o lexislador presupón que existe ou existiu unha relación sentimental na que a parella conviva ou convivira cunha permanencia mínima que permita asimilala á relación xurídico-matrimonial. O principal problema interpretativo preséntase neste punto en referencia a se a *análoga relación de afectividade* inclúe tamén ás parellas homosexuais. Neste tema existen diversas opinións a favor ou en contra, aínda que o Tribunal Supremo deixou claro que «por relación persoal análoga ó matrimonio terá que entenderse unicamente a existente entre as persoas de distinto sexo que, sen ter contraído matrimonio, convivan de feito (*more uxorio*), o que usualmente se coñecen como parellas ou unións de feito» (sentencia do Tribunal Supremo do 11-5-1995).

Por último, só me resta dicir que a violencia contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz, impide que as mulleres gocen dos seus dereitos e liberdades fundamentais, tal e como se recoñece nos foros de participación internacionais, e é ademais un importante problema social e político que constitúe a expresión máis directa da relación da desigualdade entre homes e mulleres. É unha violencia baseada na afirmación da superioridade dun sexo sobre outro que afecta a toda a organización da sociedade.

Este traballo presenta trinta anos de investigación criminolóxica sobre a violencia contra a muller na parella, á que España chega con considerable atraso en 2001. O libro revisa de forma exhaustiva a literatura sobre a magnitude do problema, as súas diversas causas e o que sabemos sobre a efectividade das súas diversas respostas, ó prestarlles especial atención ós desenvolvementos levados a cabo en España. O fío desta exposición, introdúcense unha serie de conceptos e debates criminolóxicos máis xerais que son pouco coñecidos en España.

O manual de don Juan Medina Ariza constituíu a súa tese doutoral, iso nótase no seu rigor científico e precisión terminolóxica, así como tamén a súa enorme sensibilidade coa situación das mulleres vítimas da violencia en parella. Dende o meu punto de vista é imprescindible a súa lectura para unha mellor comprensión do problema dos malos tratos, e espero que con traballos como este cheguemos todos a tomar conciencia da realidade tan grave do problema, que pode estar no piso do lado dos nosos veciños, da camareira que nos serve o café, da compañeira de traballo,... e espero que nun tempo non moi afastado casos coma o de Ana Orantes, que foi golpeada e atada a unha cadeira, regada con gasolina e queimada polo seu marido ata a morte, e o de «Tani» que, farta

xa dos malos tratos do seu compañeiro, do que tiña seis fillos menores de idade, disparoulle cunha pistola un tiro que lle entrou pola rexión temporal dereita e lle saíu pola parietal esquerda matándoo; pasen ó Museo da historia do absurdo humano.

Xosé Antón Barreiro Pereira

Avogado